



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO
OURENSE -

Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación,
Estudio Económico e
Informe de Sustentabilidade
Económica.

Xaneiro 2016



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

O presente exemplar está constituído pola ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN, ESTUDIO ECONÓMICO e INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA e é parte integrante do "Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilariño de Conso", de conformidade cas disposicións contidas no artigo 61.1.g. da LOUPMRG.

De conformidade co establecido no artigo 60 da LOUPMRG, o presente plan xeral establece a estratexia para o seu desenvolvemento coherente, e no particular, determina a execución dos sistemas xerais que teñan que crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado.

Tamén determínanse os ámbitos de actuación preferente no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable delimitado, fixando os prazos e condicións no que teñan que ser executadas as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas cos particulares, así como as determinacións da ordenación detallada sen a necesidade de remisión o planeamiento de desenvolvemento.

O presente plan xeral tamén contén, de conformidade co establecido no artigo 60.3 da LOUPMRG, a avaliación do coste de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiación, xustificando as previsións que haxan de realizarse con recursos propios do concello.

No suposto de que se atribúa a financiación a administracións ou a outra titularidade pública distintas do concello, acreditaráse a conformidade das mesmas.



Vilariño de Conso

Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

1. ESTRATEXIA DE ACTUACION

1.1. INTRODUCCION

O artigo 60 da LOUPMRG establece que a estratexia de actuación ten por finalidade establecer as previsións para o desenrolo coherente dentro do plan xeral de ordenación municipal, a medio e longo prazo. Éstos efectos cabe destacar que no concello de Vilariño de Conso a dinámica demográfica do conxunto municipal é de continuo decrecemento no conxunto dos asentamentos rurais existentes e a participación da iniciativa privada é escasa na actualidade.

Deste xeito, as actuacións concertadas con particulares son nulas e o peso das actuacións previstas recae, na súa meirande parte, noutras administracións alleas o concello.

Por todo eso considérase que os prazos para a execución das previsións contidas no plan no relativo as actuacións públicas municipais e doutras administracións, deben flexibilizarse para adecualos a súa disponibilidad económica e capacidade de xestión.

1.2. ACTUACIÓNS DE DESENROLO PREVISTAS.

De acordo cos obxetivos expostos na memoria xustificativa, o plan establece unha serie de actuacións dirixidas fundamentalmente, no medio rural, a completar e implantar as infraestructuras de servizos nos núcleos máis importantes que inda carecen deles ou que están nunha situación deficitaria; e no núcleo urbano, cubrir a escasez existente de equipamentos municipais e espazos libres.

As actuacións previstas no plan non se reducen a aquelas que poden ser asumidas polo concello, no marco das súas disponibilidades de xestión e inversión, sino que, de acordo co disposto no artigo 60 da LOUPMRG, tamén tense en conta as aportacións doutros Organismos Públicos (Xunta de Galicia, Deputación, etc).

Como resulta económica e materialmente imposible executar de inmediato tódalas actuacións previstas no plan, establécese un orden de prioridades para os oito próximos anos ó que se vincula a vontade municipal e formalmente as demais Administracións, así como los particulares comprometidos có aconcello.



Vilariño de Conso

Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

1.2.1. Área de solo urbano non consolidado.

O plan xeral de ordenación municipal debe de conter a estratexia para o seu desenrolo e determinar a execución dos sistemas xerais que deben de crearse para desenrolar as áreas de solo urbano non consolidado do concello de Vilariño. Nesas áreas de solo urbano contémpase a ordenación pormenorizada do ámbito, prevéndose reservas de sistemas xerais, que o concello obterá por cesión.

1.2.2. Sectores de solo urbanizable delimitado.

Nos sectores de solo urbanizable delimitado se determinan as cesións dos sistemas xerais previstos no concello de Vilariño de Conso.

1.2.3. Novos sistemas xerais.

Plantéase no plan xeral a execución de novos sistemas xerais nos que participa dun modo importante a administración autonómica e a estatal; prevéese completar tódalas redes de abastecemento, saneamento e tendido eléctrico de todos os núcleos de poboación.

1.2.4. Novas dotacións de carácter local.

As novas dotacións de carácter local nos núcleos rurais, contempladas no plan xeral de ordenación municipal limítanse a creación de espazos libres onde nun futuro non moi lonxano, a xente poda utilizar para reunirse, xogar e pasear con seguridade e ter un sitio onde organizar a festa do patrono.

1.2.5. Actuacións concertadas con particulares.

Nesta fase donde nos atopamos, non se fixo inda ningún convenio con particulares.

1.3. ACTUACIÓNS INFRAESTRUCTURAIS EN CADA ACTUACIÓN.

Tódalas actuacións previstas na estratexia de actuación conteñen as conexións cas infraestruturas do sistema xeral, tanto infraestruturas viarias, como infraestruturas de servizos, abastecemento, saneamento, e tendido eléctrico. Para tal efecto os propietarios incluídos dentro do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable delimitado, deben de costear os gastos de urbanización precisos para contemplar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar cas redes de servizos e viaria, no funcionamento e ceder gratuitamente ó concello os terreos destinados a vias fora de alineacións.

1.4. ORDE DE PRIORIDADES.

As directrices fundamentais para a execución do plan xeral de ordenación urbana son as que se derivan do cumprimento dos seguintes obxetivos:

- Execución das obras necesarias para garantir o abastecemento de auga a tódolos núcleos do concello.
- Garantir a recollida e tratamento de augas residuais do conxunto dos núcleos de poboación municipal.
- Consolidar e mellorar a rede de suministro de enerxía eléctrica que abastece a totalidade da poboación do concello.
- Consolidar e mellorar a pavimentación das rúas da totalidade dos núcleos de poboación do concello.



Vilarinho de Conso

Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

- Garantir a obtención de terreos e a execución das obras necesarias para paliar o déficit de espazos libres existente no concello, garantindo a existencia dunhos estándares suficientes en función da poboación existente e a previsible tras o desenrolo do plan.
- Garantir a obtención de terreos que para construír os equipamentos previstos, cando as necesidades derivadas do incremento de poboación o fagan necesario.
- Garantir a execución das obras de infraestrutura viaria para unha correcta estruturación dos núcleos de poboación existentes.



Vilariño de Conso

Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudo económico e Informe de Sustentabilidade Económica

2. ESTUDIO ECONÓMICO

2.1. INTRODUCCIÓN

O estudo económico debe de recoller para as actuacións definidas no documento da estratexia de actuación, unha avaliación do coste de execución dos sistemas xerais e actuacións previstas, ben sexa pública ou privada, así como tamén debe de xustificar as previsións destinadas ó Concello de Vilariño de Conso.

2.2. RELACION DOS INVESTIMENTOS ESTIMADOS

Nas páxinas seguintes se adxunta o cadro dos investimentos estimados no Concello de Vilariño de Conso nos próximos dous cuatrienios.

Ptda	Concepto	Presuposto
01	Completar rede de abastecemento en CHAGUAZOSO	34.300,00 €
02	Completar rede de abastecemento en CONSO	30.100,00 €
03	Completar rede de abastecemento en ENTRECINSA	27.300,00 €
04	Completar rede de abastecemento en PRODOALBAR	20.300,00 €
05	Completar rede de abastecemento en SABUGUIDO	3.500,00 €
06	Completar rede de abastecemento en SAN CRISTOVO	18.200,00 €
07	Completar rede de abastecemento en SAN MAMEDE	3.500,00 €
08	Completar rede de abastecemento en SOUTELO	14.000,00 €
09	Completar rede de abastecemento en SOUTOGRANDE	22.680,00 €
10	Completar rede de abastecemento en VEIGUIÑA (A)	25.900,00 €



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

Ptda	Concepto	Orzamento
11	Completar rede de abastecemento en VENTA DO BOLAÑO	5.880,00 €
12	Completar rede de abastecemento en VILARIÑO	15.750,00 €
13	Completar rede de saneamento en CASTIÑEIRA	35.640,00 €
14	Completar rede de saneamento en CHAGUAZOSO	42.660,00 €
15	Completar rede de saneamento en CONSO	41.400,00 €
16	Completar rede de saneamento en ENTRECINSA	25.200,00 €
17	Completar rede de saneamento en MORMENTELOS	17.640,00 €
18	Completar rede de saneamento en PRODOALBAR	36.900,00 €
19	Completar rede de saneamento en SABUGUIDO	16.740,00 €
20	Completar rede de saneamento en SAN CRISTOVO	35.100,00 €
21	Completar rede de saneamento en SAN MAMEDE	7.200,00 €
22	Completar rede de saneamento en SOUTELO	18.000,00 €
23	Completar rede de saneamento en SOUTOGRANDE	25.020,00 €
24	Completar rede de saneamento en VEIGUIÑA (A)	39.600,00 €
25	Completar rede de saneamento en VENTA DO BOLAÑO	6.660,00 €
26	Completar rede de saneamento en VILARIÑO	132.220,00 €
27	Completar rede alumeado público en CASTIÑEIRA	10.800,00 €
28	Completar rede alumeado público en CHAGUAZOSO	9.600,00 €
29	Completar rede alumeado público en CONSO	27.600,00 €
30	Completar rede alumeado público en HEDRADA	3.600,00 €
31	Completar rede alumeado público en ENTRECINSA	3.600,00 €
32	Completar rede alumeado público en PRODOALBAR	11.760,00 €
33	Completar rede alumeado público en SABUGUIDO	4.320,00 €
34	Completar rede alumeado público en SAN CRISTOVO	15.600,00 €
35	Completar rede alumeado público en SAN MAMEDE	9.000,00 €
36	Completar rede alumeado público en SOUTOGRANDE	16.680,00 €
37	Completar rede alumeado público en VEIGUIÑA (A)	35.400,00 €
38	Completar rede alumeado público en VENTA DO BOLAÑO	3.600,00 €
39	Completar rede alumeado público en VILARIÑO	66.900,00 €
40	Completar pavimentación de rúas en CASTIÑEIRA	9.776,00 €
41	Completar pavimentación de rúas en CHAGUAZOSO	10.805,33 €
42	Completar pavimentación de rúas en CONSO	8.251,59 €
43	Completar pavimentación de rúas en HEDRADA	6.264,60 €
44	Completar pavimentación de rúas en ENTRECINSA	10.238,58 €
45	Completar pavimentación de rúas en MORMENTELOS	9.670,71 €
46	Completar pavimentación de rúas en PRODOALBAR	4.277,60 €
47	Completar pavimentación de rúas en SABUGUIDO	11.941,08 €
48	Completar pavimentación de rúas en SAN CRISTOVO	12.508,95 €
49	Completar pavimentación de rúas en SAN MAMEDE	15.063,82 €
50	Completar pavimentación de rúas en SOUTELO	67.517,02 €
51	Completar pavimentación de rúas en SOUTOGRANDE	20.713,06 €



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

Ptda	Concepto	Orzamento
52	Completar pavimentación de rúas en VEIGUIÑA (A)	2.061,17 €
53	Completar pavimentación de rúas en VENTA DA CAPELA	2.468,96 €
54	Completar pavimentación de rúas en VENTA DO BOLAÑO	1.838,74 €
55	Completar pavimentación de rúas en VILARIÑO	270.409,98 €
56	Acondicionar espacio libre en CASTIÑEIRA	98.974,32 €
57	Acondicionar espacio libre en HEDRADA	29.035,68 €
58	Acondicionar espacio libre en ENTRECINSA	42.288,48 €
59	Acondicionar espacio libre en PRADOALBAR	95.962,32 €
60	Acondicionar espacio libre en SABUGUIDO	91.143,12 €
61	Acondicionar espacio libre en SAN MAMEDE	45.963,12 €
62	Acondicionar zona verde en VILARIÑO	1.235.951,20 €
	Total	3.022.975,43 €

2.3. FINANCIACIÓN

Tódolos investimentos previstos para as actuacións programadas e presupuestadas no apartado anterior son financiadas na súa totalidade con cargo os presupostos do Concello de Vilariño de Conso segundo se xustifica no Informe de Sustentabilidade Económica no apartado seguinte.

Como se pode comprobar nos cadros de liquidación do orzamento de gastos, no relativo a “Inversións reais”, no cuatrienio 2008/2011, ascende a cantidade de 1.789.100 €

O total dos investimentos previstos neste PXOM ascende a cantidade de 3.022.975,43 € polo que o Concello de Vilariño, incluso si tivera una redución do 10% con respecto o cuatrienio pasado, ten a capacidade económica suficiente para executar ditas previsións nos próximos dous cuatrienios.



Vilariño de Conso

Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

3. INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONOMICA

3.1. INTRODUCION

O presente documento constitúe o "INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONOMICA", integrante do "Plan Xeral de Ordenación Municipal de VILARIÑO DE CONSO", de conformidade coas disposicións contidas no Art. 61º.i) da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante LOUG).

Neste Informe de Sustentabilidade Económica ponderarase o impacto das actuacións programadas polo plan nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos.

O presente documento describe as características básicas do Plan Xeral de Vilariño de Conso, facendo especial consideración nas infraestruturas e servizos asociados; realízase unha análise dos orzamentos municipais e finalmente determinase o impacto da actuación urbanística sobre o orzamento municipal.

3.2. ANTECEDENTES

O Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo, establece as bases económicas e medioambientais do réxime xurídico, valoración e responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas en materia de solo.

Fíxanse uns obxetivos para o desenvolvemento territorial e urbano sostible non só dende un punto de vista medioambiental senón tamén dende o punto de vista económico, o emprego e a cohesión social, procurando especialmente, que no caso de xerar novo solo urbano, garantirá unha dotación suficiente de infraestruturas e servizos que cumpran unha función social.



Vilariño de Conso

Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

O artigo 15.4 relativo á avaliación e seguimento das sostibilidade do desenvolvemento urbano, establece que “ A documentación dos instrumentos de ordenación das actuacións de urbanización debe incluír un informe ou memoria de sustentabilidade económica, no que se ponderará en particular o impacto da actuación nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos”.

Deste xeito, no presente documento descríbense as características básicas do PXOM de Vilariño de Conso e lévase a cabo unha análise dos orzamentos municipais e finalmente determínase o impacto da actuación urbanística sobre o orzamento municipal.

O concello de VILARIÑO DE CONSO no dispón de ningún instrumento de ordenación urbanística de seu territorio polo que a realización deste PXOM realízase unha aposta de futuro que permite un axeitado desenvolvemento de VILARIÑO DE CONSO e se evitarán os problemas, derivados da ausencia de planeamento urbanístico.

O obxectivo fundamental do PXOM, baséase en configurar un modelo que favoreza o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, contribuíndo a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, compatibilizándoa coa protección e potenciación do patrimonio natural e cultural existente.

Partindo deste obxectivo principal, a ordenación establecida cumprimentase cos seguintes obxectivos, criterios e solucións xerais:

- **FREALA DISPERSIÓN EDIFICATORIA E FOMENTAR A CONSOLIDACIÓN E MELLORA DAS AREAS EDIFICADAS.**

Este obxectivo ten por finalidade frenar o proceso de dispersión da edificación e potenciar o actual sistema de núcleos de poboación, por considerar que supón a alternativa máis racional para optimizar costes de infraestruturas de servizos e urbanización, e posibilitar a consecución dun nivel de dotacións públicas adecuado ás necesidades da poboación e compatibles coas esixencias legais.

- **FOMENTAR OS DESENVOLVEMENTOS COLINDANTES COAS AREAS CONSOLIDADAS E DIMENSIONAR ESTES AMBITOS CON CRITERIOS VIABLES E REALISTAS, ACORDES COAS PREVISIÓNS DE CRECEMENTO.**

Para lograr este obxectivo, o PXOM establece como zona de preferente urbanización, os solos vacantes existentes no interior dos núcleos de poboación. Todo elo cunha dobre finalidade: por unha parte conseguir un desenvolvemento armónico e por outra evitar que fora dos núcleos de poboación se produzan crecementos anárquicos e dispersos, deficitarios en infraestruturas e sen as dotacións necesarias que garanticen unha adecuada calidade de vida.

Por outra parte, o PXOM trata de dimensionar os ámbitos de futuro desenvolvemento con criterios viables e realistas, acordes cos desenvolvementos previsibles, evitando en todo caso a dispersión de actuacións.

- **COMPLEMENTAR E MELLORAR A ESTRUTURA TERRITORIAL.**

O proceso de crecemento disperso impediu a consecución dunha estrutura territorial adecuada e na actualidade son moi acusados os déficit en infraestruturas viarias, en infraestruturas de servizos e en dotacións públicas de carácter xeral.



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

- **PRESERVAR OS VALORES NATURAIS E CULTURAIS QUE AÍNDA SUBSISTEN.**

O PXOM defende as características xerais do paisaxe, así como as áreas singulares e de interés existentes no territorio. A estos efectos a ordenación establecida preserva do desenvolvemento urbán e da implantación de todos aqueles usos que poidan degradar seus valores, o sistema hidrográfico, os espazos naturais, as zonas de interés paisaxístico, as zonas forestais, os xacementos arqueolóxicos, así como as áreas do territorio vinculadas tradicionalmente ás actividades primarias e que a súa vez ofrecen unha especial capacidade productiva.

Por outra parte o PXOM trata de conservar o patrimonio cultural herdado posibilitando a súa conservación e posta en valor para o disfrute cultural e de ocio pola poboación. Con esta finalidade procedese á identificación e protección de todos os edificios, conxuntos e elementos de interés polo seu valor histórico, artístico, arquitectónico e etnográficos existentes no municipio, que serán incorporados o catálogo do PXOM.

- **CONSERVAR OS NÚCLEOS RURAIS DE POBOACIÓN.**

O PXOM fomenta a conservación das zonas orixinarias dos núcleos rurais de poboación, respetando a súa vez os crecementos que se foron producindo no entorno das zonas tradicionais.

A nivel urbán, os obxectivos xerais citados anteriormente se cumprimentan cos seguintes:

- **CONSERVAR E RECUPERAR O PATRIMONIO CONSTRUIDO.**

En solo urbán consolidado a ordenación establecida fomenta a conservación e recuperación do patrimonio construído, dos espazos urbáns relevantes, dos elementos e tipos arquitectónicos singulares, das formas tradicionais de ocupación do solo e dos trazos diferenciais o distintivos que conforman a identidade local.

En líña co disposto anteriormente, a ordenación tamén fomenta a conservación das tramas tradicionais existentes que todavía manteñen este carácter, e en este sentido o casco antigo de VILARIÑO DE CONSO ofrece indudables valores históricos, artísticos e arquitectónicos merecedores da súa conservación e protección.

- **COMPLETAR AS ESTRUTURAS URBANAS.**

A nivel urbán o obxectivo principal do Plan Xeral, basase en completar as estruturas do núcleo urbán de VILARIÑO DE CONSO, xa que o proceso de crecemento discontinuo deu lugar á formación dunha bolsa de solo vacante no medio dos dous tecidos consolidados, o cal debe integrarse na trama xeral.

Neste solo vacante, a ordenación establecida equilibra os aproveitamentos lucrativos coa obtención de espazos destinados a dotacións públicas.

- **EQUILIBRAR AS DENSIDADES URBANAS.**

Na área urbana observanse desequilibrios na súa densidade entre a zona central, con tipoloxías de edificación en quintero cerrado e os bordes urbáns caracterizados pola profusión de vivendas unifamiliares.

Por elo a ordenación establecida trata de buscalo equilibrio entre as densidades de edificación existentes e as novas, coa finalidade de establecer a densidade urbana adecuada, e que a súa vez se axuste os crecementos demográficos e habitacionais previstos.



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

- CUBRILOS DÉFICITS DE DOTACIÓNS PÚBLICAS.
- READAPTAR O SISTEMA VIARIO URBÁN ÁS NOVAS INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS.

3.3. VILARIÑO DE CONSO: INFORMACIÓN BÁSICA

O Concello de Vilariño de Conso ten una superficie de aproximadamente 200 Km²e atópase na parte centro-occidental da provincia de Ourense.

A terra de Vilariño defínese por un xogo altitudinal moi contrastado, pois ten as cotas máximas arredor de 1.500 m. e as máis baixas nos 500 m.

Ten dous ríos importantes, Conso e Camba, que atravesan o Concello de Oeste a Este e actúan como corredores ó tempo que divide o concello en varios sectores de morfoloxía diferenciada: a zona de vales (terras por baixo dos 801 m.); a penichaira inferior (terras comprendidas no intervalo 801-1.100 m.) e a penichaira superior ou zona de cumes (terras por riba dos 1.100 m.).

No que respecta ó réxime hídrico, dáse unha elevada proporción de cursos de auga permanente definidos polo seu carácter pluvio-nival.

A área intégrase dentro do dominio climático oceánico de montaña, aínda que a medida que se ascende cara ó Norde son cada vez máis perceptibles as influencias do dominio oceánico-mediterráneo.

Podemos dicir que a área en estudo non goza de condicións favorables para o desenvolvemento de prácticas agrícolas, polo dito anteriormente de pendentes e desniveis marcados, solo xóvenes e ademais pola dinámica termoplumiométrica.

O subsolo componse sobre todo de xistos cámbricos e silurianos, aínda que nalgúñas zonas afloran a superficie enormes masas de granito.

A paisaxe vexetal no que as formacións arbóreas respecta, se define pola súa localización nesa grande zona límite entre os bosques caducifolios, aínda que éstos están en retroceso ante o avance da repoboación a base, fundamentalmente, de piñeiros.

As actividades relacionadas co campo son hoxe en día o principal medio de vida e fonte de ingresos dos habitantes de Vilariño de Conso. Nembargantes o minifundismo e o autoconsumo siguen sendo a norma xeral que impide un desenrolo económico equilibrado co resto dos sectores productivos.

En xeral os núcleos existentes situanse a media ladeira, nas vertentes das citadas cuncas, máis naquelas vertentes máis soleadas e abrigadas aínda que o soleamento é fundamental, xunto co sistema hídrico para o ragadio de pastos e hortas.

A poboación do Concello de Vilariño está a chegar aos 600 habitantes, sendo nas primeiras décadas do século anterior cando tuvo a maior cantidade de residentes, chegou a acadar os 2.500 habitantes no ano 1930.

3.4. PLAN XERAL DE VILARIÑO DE CONSO: ELEMENTOS BÁSICOS

O obxectivo fundamental do PXOM, baséase en potenciar un modelo que favoreza o DESENVOLVEMENTO EQUILIBRADO e SUSTENTABLE DO TERRITORIO MUNICIPAL para contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, compatibilizándoo coa PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL e CULTURAL existente. Este obxectivo principal complementábase cos seguintes:

- Fomentar a compactación dos núcleos de poboación, fronte a súa expansión dispersa
- Fortalecer os núcleos rurais e poñer en valor o territorio
- Mellorar a accesibilidade e mobilidade no termo municipal



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

- Conservar a natureza e o patrimonio cultural
- Pular polo desenvolvemento sustentable

A asignación das clases de solos no PXOM de Vilariño de Conso realizouse conforme aos criterios establecidos pola Lei 2/2010 de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo establece no seu capítulo II “Clasificación do solo”

O solo do termo municipal clasifícase como solo urbano (consolidado e non consolidado), solo urbanizable, solo de núcleo rural e solo rústico. O Plan Xeral clasifica como solo urbano e urbanizable, así como os núcleos rurais, aqueles terreos que deben manterse ou incorporarse ao proceso de urbanización.

O PXOM de Vilariño de Conso clasifica como urbano consolidado o núcleo de Vilariño de Conso, no solo e só delimitouse un sector de solo urbano non consolidado.

De conformidade co establecido no Art. 53.e) da LOUGA, establécese tamén a estrutura xeral e orgánica do territorio que está integrada polos sistemas xerais que constitúen os elementos determinantes do desenvolvemento urbano. O PXOM distingue en VILARIÑO DE CONSO os seguintes sistemas xerais: de Comunicacións e as súas zonas de protección, de Espazos libres e Zonas verdes públicas, de Equipamento comunitario público e de Infraestruturas de servizos.

Estes serían os elementos básicos que conforman o solo do territorio municipal de Vilariño de Conso plantexado no presente PXOM.

3.4.1. Principais magnitudes do Plan Xeral

Dos 200 km² que ten de superficie o concello de Vilariño de Conso, a case a totalidade da superficie municipal está clasificada como solo rústico (99,50%); dos cales, o 80% corresponde co Espazo Natural do Macizo Central.

O resto do concello que non é solo rústico (1 km²), as tres cuartas partes é Solo de Núcleo Rural (750.000 m²) e o cuarto restante repártese entre o solo urbano (225.000 m²) e o solo urbanizable (25.000 m²).

No tocante aos sistemas xerais de equipamentos e zonas verdes, na Memoria Xustificativa recóllense os cadros-resumo da tódolos equipamentos e zonas verdes existentes no termo municipal, diferenciándose a súa finalidade e superficie.

3.4.2. Suficiencia e adecuación do Solo destinado a usos produtivos

Logo da análise realizada no apartado precedente onde se fai un resumo da clasificación e calificación de solo establecida no presente Plan Xeral, e segundo as determinacións do artigo 15.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2008 que establece que se ponderará o impacto da actuación do Plan Xeral nas Facendas Públicas afectadas, así como, a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos.

A lexislación estatal pretende que as propostas de planificación da ordenación urbanística incorporen unha lóxica e prudente previsión de solo para o desenvolvemento da actividade económica do municipio, evitando a proliferación de unidades residenciais dormitorio ou actuacións urbanísticas de moi difícil integración ou conexión, coa finalidade de ter un desenvolvemento territorial máis equilibrado economicamente, favorecendo a cercanía ou proximidade espacial entre residencia e posto de traballo se é posible, coa consecución de tempos de desprazamento e cos consecuentes efectos positivos sobre o medio ambiente e a calidade de vida.



Vilariño de Conso

Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilariño de Conso prevé un crecemento sustentable, núcleos e entidades cohesionados, cun desenvolvemento equilibrado no tocante á superficie destinada a solo residencial e tamén planifica unha pequena superficie de solo para uso industrial. Esta futura oferta de solo para usos produtivos permitirá dotar ao municipio dunha actividade económica diversificada.

Entendemos por tanto que a proposta de clasificación e calificación de solo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilariño de Conso para usos produtivos é suficiente para as futuras necesidades locais, e adecuadas ás previsións de crecemento socioeconómico tal e como se fundamentou e motivou na correspondente Memoria Xustificativa do presente Plan Xeral.

3.5. ANÁLISE DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS

Os valores obtidos no referente aos orzamentos municipais obtivéronse directamente dos datos oficiais do propio concello de Vilariño de Conso. Incorporamos a este documento o resumo de orzamentos e liquidacións obtidos para o cuatrienio que vai dende os anos 2008 a 2011 para facer unha pequena análise da situación orzamentaria no concello.

Ditos cadros engádense nas páxinas seguintes a este apartado.



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

3.5.1. Análise dos ingresos

Neste apartado descríbese a evolución dos ingresos liquidados e expónse a súa evolución no período de análise estudado. A captación de recursos municipais do concello de Vilariño de Conso como en tódolos municipios realízase polos seguintes capítulos:

- Impostos directos: aqueles que gravan ao contribuínte e son aboados por estes de forma directa, persoalmente.
- Impostos indirectos: aqueles que se pagan a través dunha entidade ou persoa intermedia que despois o repercute como custo no prezo do produto.
- Taxas e outros ingresos: inclúe taxas, licenzas, e outros impostos por sancións ou pola cantidade legal satisfeita polas compañías de servizos (electricidade, gas,...)
- Transferencias correntes: ingresos que o concello recibe doutras administracións, por participación en tributos estatais, por convenios coa Comunidade Autónoma por determinados servizos delegados, patrocinios, donacións, convenios....
- Ingresos patrimoniais: son os procedentes da xestión do patrimonio público municipal como concesións administrativas, beneficios de empresa pública, xuros bancarios,...
- Enaxenación de inversións reais: ingresos pola venda de bens patrimoniais.
- Transferencias de capital: ingresos de capital que o concello recauda doutras administracións para a construción de edificios, viario, obras de servizos,...
- Variación de activos financeiros: remanentes de exercicios anteriores
- Variación de pasivos financeiros: importes que o concello espera ingresar por operacións de crédito. Cos datos dispoñibles, e observando concretamente a parte de liquidación orzamentaria do concello de Vilariño de Conso, a evolución entre os anos 2008 e 2011 das partidas referidas, en liñas xerais é a seguinte:

Observase un crecemento paulatino nos impostos directos e en taxas e outros ingresos, e pola contra unha escasa importancia nos indirectos. No tocante ás transferencias correntes neses anos mantivéronse constantes. As partidas de ingresos patrimoniais baixaron os dous derradeiros anos e os pasivos financeiros desapareceron por completo nos anos 2010 e 2011.

3.5.2. Análise dos gastos

Neste apartado descríbese a evolución dos gastos liquidados e expónse a súa evolución no período de análise estudado. Ao igual que ocorre cos ingresos, os gastos do concello recóllense tamén nuns capítulos comúns en tódolos municipios, referidos a continuación:

- Gastos de persoal: gastos de persoal laboral e funcionarios incluídos gastos de seguridade social, formación ou fondos sociais.
- Gastos de bens correntes e servizos: gastos de alugueres, suministros, e contratos por prestación de servizos, (estudos, traballos técnicos,..).
- Gastos financeiros: xuros de préstamos e gastos bancarios.
- Transferencias correntes: subvencións que o concello outorga a entidades ou particulares, así como axudas



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

sociais e a cooperación o desenvolvemento.

- Inversións reais: gastos do concello en adquisición de terreos, edificacións, equipamentos, maquinaria ou mobiliario.
- Transferencias de capital: son as aportacións que o concello realiza ás empresas públicas, entidades ou particulares para o desenvolvemento de inversións reais.
- Activos financeiros: os préstamos que a facenda municipal realiza a entidades públicas, privadas ou particulares.
- Pasivos financeiros: amortizacións de préstamos e devolución de fianzas.

Cos datos dispoñibles, e observando concretamente a parte de liquidación orzamentaria do concello de Vilariño de Conso, a evolución entre os anos 2008 e 2011 das partidas referidas, en liñas xerais é a seguinte:

Observase unha lixeira subida dos gastos de persoal, pequena baixada en bens correntes e servizos; por outra banda os gastos financeiros e as transferencias correntes están tamén decrezendo e, o máis importante, un notable incremento das inversións reais nos dous derradeiros anos.

3.6. IMPACTO SOBRE A FACENDA PÚBLICA DO CONCELLO

Realizaremos unha estimación do impacto que sobre a facenda pública producirá o Plan Xeral de Vilariño de Conso, impacto analizado dende o punto de vista dos gastos e dos ingresos.

3.6.1. Impacto do PXOM sobre os ingresos municipais

O impacto do PXOM de Vilariño de Conso e das súas actuacións urbanísticas, sobre os Ingresos Municipais determinase a partires de tres variables: o aproveitamento municipal, as taxas por licenzas e o imposto de construción e finalmente, a recadación sobre os impostos de bens inmobles.

3.6.1.1. Aproveitamento municipal

Segundo dicta a LOUG os propietarios de solos urbanos non consolidados e solos urbanizables deberán de ceder obrigatoria, gratuitamente, e sen cargas o solo correspondente ao aproveitamento urbanístico do Concello, en concreto o 10% do aproveitamento lucrativo da área de reparto correspondente. Isto significa que o concello de Vilariño de Conso contará de xeito gratuíto con solo edificable (o 10% da AR1) para materializar en vivenda de protección, o que supón, inicialmente, un incremento no seu patrimonio municipal.

3.6.1.2. Taxas por licenzas e impostos sobre a construción

As novas vivendas que o PXOM recolle na súa ordenación, terán como consecuencia un incremento relevante na recadación municipal, concretamente nos seguintes termos:

- Cota tributaria pola solicitude da Licenza de obra.
- Imposto de Construcións, Instalacións e Obras. (ICIO)
- Taxa por licenzas urbanísticas.



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

3.6.1.3. Recadación por impostos de bens inmobles (IBI)

As novas vivendas tamén teñen como consecuencia un incremento relevante da recadación municipal por concepto do imposto de bens inmobles, tributo que recae sobre o valor do patrimonio inmobiliario ubicado no municipio, calquera que sexa o domicilio do propietario.

3.6.1.4. Outras posibles fontes de ingresos

Outras posibles fontes de ingresos son o imposto sobre Actividades Económicas, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, e o incremento das transferencias do Estado e da Comunidade Autónoma. Estes ingresos son, así e todo, de difícil estimación.

3.6.2. Impacto do PXOM sobre os gastos municipais

O desenvolvemento do PXOM xerará gastos municipais importantes para a completar a súa execución, pois practicamente a totalidade da partida correspondente a infraestruturas recae integramente no concello de Vilariño de Conso.

O concello de Vilariño de Conso ten a capacidade financeira necesaria para asumir os gastos que a ordenación proposta no presente PXOM lle outorga, pero esta capacidade financeira ven derivada da propia execución do Plan Xeral, é dicir, o Plan Xeral presentado é “autosuficiente”, o seu propio desenvolvemento é o que vai xerar os ingresos necesarios para sufragar o custo dos novos sistemas xerais propostos.

3.7. IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS OU POSTA EN MARCHA E PRESTACIÓN DE SERVIZOS RESULTANTES

As principais conclusións que se desprenden do estudo da posible evolución dos diferentes capítulos de ingresos e gastos municipais son as seguintes:

- Os custos fixos que deberá afrontar o municipio son os derivados do mantemento de novos viais e espazos libres, así como os novos gastos de servizos municipais.
- O desenvolvemento do PXOM traducirase nun importante incremento nos ingresos das arcas municipais por concepto de impostos indirectos (Licenzas de obras, ICIO, IBI, etc.)
- Os gastos de mantemento e servizos asociados ao desenvolvemento do PXOM poderán ser cubertos polo incremento dos ingresos fixos (IBI), co cal non se estiman desequilibrios que impacten negativamente nos orzamentos municipais.

Todo o anteriormente exposto demostra a viabilidade económica do Plan Xeral de Vilariño de Conso, dado que o seu desenvolvemento non depende directamente dos recursos municipais. Os importes definitivos nos próximos anos de cada un dos capítulos de ingresos e gastos aos que nos vimos de referir, virán determinados entre outras causas pola traxectoria e coxuntura económica, así como pola xestión económico financeira dos servizos económicos municipais. Como xa dixemos no estudo económico a proposta plantexada neste documento é que nos enfrentemos a unha ferramenta autofinanciable, capaz de xerar os recursos necesarios para afrontar as inversións nas actuacións previstas.



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

3.8. CONCLUSIÓNS

A Memoria de Sustentabilidade Económica ten que avaliar o impacto económico e financeiro que para a Facenda Pública Local, ten a implantación das novas infraestruturas necesarias para o desenvolvemento urbanístico do solo urbano, os núcleos rurais e o solo urbanizable previstos no Plan Xeral, analizando os custos de mantemento, posta en marcha e a prestación dos servizos públicos resultantes, así como a estimación da cuantía económica dos ingresos municipais derivados dos tributos locais.

A diferenza entre os gastos que o concello de Vilariño de Conso deberá asumir e os ingresos que percibirá pola nova actuación urbanizadora determinarán a sustentabilidade económica da mencionada actuación urbanística a longo prazo. Trátase en definitiva de evitar desenvolvementos urbanísticos que sexan o día de mañá de difícil, ou imposible asunción e mantemento por parte do concello de Vilariño de Conso.

Polo tanto o presente Plan Xeral é economicamente viable, competitivo e sustentable cumprindo así cos obxectivos do R.D.L. 2/2008.

Diligencia: Para facer constar que o mesmo foi aprobado inicialmente polo Pleno Municipal de Vilariño de Conso na sesión extraordinaria celebrada en data 9 de febreiro de 2016.

A SECRETARIA:

Asd - Ana María Loureiro Silva

Vilariño de Conso, xaneiro 2016

Antonio Jesús Losada Beltrán
Arquitecto Colexiado nº3501

José Luis Diz Martínez
Arquitecto Colexiado nº4094



Vilariño de Conso

Plan Xeral de Ordenación Municipal
Estratexia de actuación, Estudo económico e
Informe de Sustentabilidade Económica

**4. ANEXO I: ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO
MUNICIPAL NO CUATRIENIO 2008 - 2011**



Plan Xeral de Ordenación Municipal

Estratexia de actuación, Estudio económico e Informe de Sustentabilidade Económica

Vilariño de Conso

CONTIDO

1. ESTRATEXIA DE ACTUACION.....	2
1.1. INTRODUCCION	2
1.2. ACTUACIÓNS DE DESENROLO PREVISTAS.....	2
1.2.1. Área de solo urbano non consolidado.	3
1.2.2. Sectores de solo urbanizable delimitado.	3
1.2.3. Novos sistemas xerais.	3
1.2.4. Novas dotacións de carácter local.....	3
1.2.5. Actuacións concertadas con particulares.	3
1.3. ACTUACIÓNS INFRAESTRUCTURAIAS EN CADA ACTUACIÓN.....	3
1.4. ORDE DE PRIORIDADES.....	3
2. ESTUDIO ECONÓMICO.....	5
2.1. INTRODUCCIÓN	5
2.2. RELACION DOS INVESTIMENTOS ESTIMADOS	5
2.3. FINANCIACIÓN	7
3. INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONOMICA.....	8
3.1. INTRODUCCION	8
3.2. ANTECEDENTES	8
3.3. VILARIÑO DE CONSO: INFORMACIÓN BÁSICA.....	11
3.4. PLAN XERAL DE VILARIÑO DE CONSO: ELEMENTOS BÁSICOS	11
3.4.1. Principais magnitudes do Plan Xeral.....	12
3.4.2. Suficiencia e adecuación do Solo destinado a usos produtivos.....	12
3.5. ANÁLISE DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIAS	13
3.5.1. Análise dos ingresos	14
3.5.2. Análise dos gastos.....	14
3.6. IMPACTO SOBRE A FACENDA PÚBLICA DO CONCELLO	15
3.6.1. Impacto do PXOM sobre os ingresos municipais.....	15
3.6.2. Impacto do PXOM sobre os gastos municipais	16
3.7. IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS OU POSTA EN MARCHA E PRESTACIÓN DE SERVIZOS RESULTANTES	16
3.8. CONCLUSIÓNS	17
4. ANEXO I: ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL NO CUATRIENIO 2008 - 2011	18

Estado de liquidación do orzamento do ano 2008

Capítulo	Descrición	PREVISIONS ORZAMENTARIAS			Dereitos recoñecidos	Dereitos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes a 31-12	Exceso/ Defecto previsión
		Iniciais	Modificados	Definitivos					
1	IMPOSTOS DIRECTOS	939.044,00	0,00	939.044,00	1.138.736,16	1.138.736,16	1.135.714,46	3021,7	199.692,16
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	9,00	0,00	9,00	710,43	710,43	710,43	0	701,43
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	34.989,00	0,00	34.989,00	16.179,73	16.179,73	16.179,73	0	-18.809,27
4	TRANSF CORRENTES	460.708,00	96.814,41	557.522,41	560.094,75	560.094,75	424.757,20	135337,55	2.572,34
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	11.713,00	0,00	11.713,00	5.656,02	5.656,02	5.656,02	0	-6.056,98
6	INVERSIONS REAIS								0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	851.472,00	209.731,69	1.061.203,69	211.773,92	211.773,92	11.443,08	200330,84	-849.429,77
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	64.300,00	64.300,00	0,00	0,00	0,00	0	-64.300,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	520.000,00	0,00	520.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-520.000,00
	total	2.817.935,00	370.846,10	3.188.781,10	1.933.151,01	1.933.151,01	1.594.460,92	338.690,09	-1.255.630,09

Capítulo	Descrición	CREDITOS ORZAMENTARIOS			Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos	Obrigas pendentes a 31-12	Remanentes de crédito
		Iniciais	Modificados	Definitivos					
1	GASTOS DE PERSOAL	335.509,00	346.550,97	682.059,97	583.534,43	554.250,76	548.251,41	5.999,35	127.809,21
2	GASTOS CORRENTES	620.677,00	-166.689,49	453.987,51	381.575,18	381.575,18	316.815,41	64.759,77	72.412,33
3	GASTOS FINANCEIROS	50.000,00	0,00	50.000,00	48.283,83	48.283,83	48.283,83	0,00	1.716,17
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	183.390,00	0,00	183.390,00	75.786,43	75.786,43	47.640,21	28.146,22	107.603,57
5									
6	INVERSIONS REAIS	88.618,68	190.984,62	279.603,30	278.488,85	278.488,85	78.158,01	200.330,84	1.114,45
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	9.554,43	0,00	9.554,43	9.554,43	9.554,43	9.554,43	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS								
9	PASIVOS FINANCEIROS	48.498,00	0,00	48.498,00	34.925,11	34.925,11	34.925,11	0,00	13.572,89
	total	1.336.247,11	370.846,10	1.707.093,21	1.412.148,26	1.382.864,59	1.083.628,41	299.236,18	324.228,62

Estado de liquidación do orzamento do ano 2009

Capítulo	Descrición	PREVISIONS ORZAMENTARIAS			Dereitos recoñecidos	Dereitos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes a 31-12	Exceso/ Defecto previsión
		Iniciais	Modificados	Definitivos					
1	IMPOSTOS DIRECTOS	939.044,00	0,00	939.044,00	1.153.229,03	1.153.186,43	1.150.702,67	2483,76	214.142,43
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	9,00	0,00	9,00	0,00	0,00	0,00	0	-9,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	34.989,00	0,00	34.989,00	3.910,44	3.910,44	3.910,44	0	-31.078,56
4	TRANSF CORRENTES	460.708,00	38.392,51	499.100,51	484.874,03	484.874,03	472.978,01	11896,02	-14.226,48
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	11.713,00	0,00	11.713,00	5.487,98	5.487,98	4.317,98	1170	-6.225,02
6	INVERSIONS REAIS								0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	851.472,00	137.351,34	988.823,34	137.351,34	137.351,34	128.669,75	8681,59	-851.472,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	307.595,88	307.595,88	0,00	0,00	0,00	0	-307.595,88
9	PASIVOS FINANCEIROS	520.000,00	0,00	520.000,00	0,00	-120.000,00	-120.000,00	0,00	-640.000,00
	total	2.817.935,00	483.339,73	3.301.274,73	1.784.852,82	1.664.810,22	1.640.578,85	24.231,37	-1.636.464,51

Capítulo	Descrición	CREDITOS ORZAMENTARIOS			Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos	Obrigas pendentes a 31-12	Remanentes de crédito
		Iniciais	Modificados	Definitivos					
1	GASTOS DE PERSOAL	335.509,00	260.306,17	595.815,17	521.166,91	514.979,25	514.979,25	0	80.835,92
2	GASTOS CORRENTES	620.677,00	-43.678,42	576.998,58	518.733,55	518.733,55	503.445,07	15288,48	58.265,03
3	GASTOS FINANCEIROS	50.000,00	0,00	50.000,00	17.463,38	17.463,38	17.463,38	0	32.536,62
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	183.390,00	-9.374,20	174.015,80	50.117,74	50.117,74	25.072,72	25045,02	123.898,06
5									
6	INVERSIONS REAIS	0,00	276.086,18	276.086,18	253.708,08	253.708,08	253.439,08	269	22.378,10
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	9.554,43		9.554,43	9.554,43	9.554,43	9.554,43	0	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS								
9	PASIVOS FINANCEIROS	48.498,00	0,00	48.498,00	41.525,63	41.525,63	41.525,63	0,00	6.972,37
	total	1.247.628,43	483.339,73	1.730.968,16	1.412.269,72	1.406.082,06	1.365.479,56	40.602,50	324.886,10

Estado de liquidación do orzamento do ano 2010

Capítulo	Descrición	PREVISIONS ORZAMENTARIAS			Dereitos recoñecidos	Dereitos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes a 31-12	Exceso/ Defecto previsión
		Iniciais	Modificados	Definitivos					
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.163.210,95	0,00	1.163.210,95	1.166.356,53	1.166.313,93	1.162.718,20	3595,73	3.102,98
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	1,00	0,00	1,00	0,00	0,00	0,00	0	-1,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	12.004,00	0,00	12.004,00	11.827,09	11.827,09	10.108,57	1718,52	-176,91
4	TRANSF CORRENTES	404.924,07	54.152,03	459.076,10	497.256,18	496.897,12	463.494,82	33402,3	37.821,02
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	7.682,93	0,00	7.682,93	6.915,45	6.915,45	6.915,45	0	-767,48
6	INVERSIONS REAIS								0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	4,00	192.917,91	192.921,91	176.257,91	176.257,91	76.755,99	99501,92	-16.664,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	244.562,23	244.562,23	0,00	0,00	0,00	0	-244.562,23
9	PASIVOS FINANCEIROS								0,00
	total	1.587.826,95	491.632,17	2.079.459,12	1.858.613,16	1.858.211,50	1.719.993,03	138.218,47	-221.247,62

Capítulo	Descrición	CREDITOS ORZAMENTARIOS			Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos	Obrigas pendentes a 31-12	Remanentes de crédito
		Iniciais	Modificados	Definitivos					
1	GASTOS DE PERSOAL	555.608,33	43.638,37	599.246,70	531.659,42	531.659,42	531.616,98	42,44	67.587,28
2	GASTOS CORRENTES	523.945,79	72.209,98	596.155,77	553.248,47	553.248,47	495.420,05	57828,42	42.907,30
3	GASTOS FINANCEIROS	15.000,00	0,00	15.000,00	11.254,36	11.254,36	11.254,36	0	3.745,64
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	95.500,00	3.045,84	98.545,84	72.576,87	69.531,03	56.511,63	13019,4	29.014,81
5									
6	INVERSIONS REAIS	303.658,08	367.556,73	671.214,81	619.471,94	599.604,44	380.907,15	218697,29	71.610,37
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	34.194,22	0,00	34.194,22	34.194,22	34.194,22	34.194,22	0	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS								
9	PASIVOS FINANCEIROS	59.920,53	5.181,25	65.101,78	65.101,77	65.101,77	65.101,77	0,00	0,01
	total	1.587.826,95	491.632,17	2.079.459,12	1.887.507,05	1.864.593,71	1.575.006,16	289.587,55	214.865,41

Estado de liquidación do orzamento do ano 2008

Capítulo	Descrición	PREVISIONS ORZAMENTARIAS			Dereitos recoñecidos	Dereitos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes a 31-12	Exceso/ Defecto previsión
		Iniciais	Modificados	Definitivos					
1	IMPOSTOS DIRECTOS	939.044,00	0,00	939.044,00	1.138.736,16	1.138.736,16	1.135.714,46	3021,7	199.692,16
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	9,00	0,00	9,00	710,43	710,43	710,43	0	701,43
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	34.989,00	0,00	34.989,00	16.179,73	16.179,73	16.179,73	0	-18.809,27
4	TRANSF CORRENTES	460.708,00	96.814,41	557.522,41	560.094,75	560.094,75	424.757,20	135337,55	2.572,34
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	11.713,00	0,00	11.713,00	5.656,02	5.656,02	5.656,02	0	-6.056,98
6	INVERSIONS REAIS								0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	851.472,00	209.731,69	1.061.203,69	211.773,92	211.773,92	11.443,08	200330,84	-849.429,77
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	64.300,00	64.300,00	0,00	0,00	0,00	0	-64.300,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	520.000,00	0,00	520.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-520.000,00
	total	2.817.935,00	370.846,10	3.188.781,10	1.933.151,01	1.933.151,01	1.594.460,92	338.690,09	-1.255.630,09

Capítulo	Descrición	CREDITOS ORZAMENTARIOS			Gastos comprometidos	Obrigas recoñecidas netas	Pagos	Obrigas pendentes a 31-12	Remanentes de crédito
		Iniciais	Modificados	Definitivos					
1	GASTOS DE PERSOAL	335.509,00	346.550,97	682.059,97	583.534,43	554.250,76	548.251,41	5.999,35	127.809,21
2	GASTOS CORRENTES	620.677,00	-166.689,49	453.987,51	381.575,18	381.575,18	316.815,41	64.759,77	72.412,33
3	GASTOS FINANCEIROS	50.000,00	0,00	50.000,00	48.283,83	48.283,83	48.283,83	0,00	1.716,17
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	183.390,00	0,00	183.390,00	75.786,43	75.786,43	47.640,21	28.146,22	107.603,57
5									
6	INVERSIONS REAIS	88.618,68	190.984,62	279.603,30	278.488,85	278.488,85	78.158,01	200.330,84	1.114,45
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	9.554,43	0,00	9.554,43	9.554,43	9.554,43	9.554,43	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS								
9	PASIVOS FINANCEIROS	48.498,00	0,00	48.498,00	34.925,11	34.925,11	34.925,11	0,00	13.572,89
	total	1.336.247,11	370.846,10	1.707.093,21	1.412.148,26	1.382.864,59	1.083.628,41	299.236,18	324.228,62